


REVISTA GALEGA DE TRADUCCIÓN




VICEVERSA



Nº 5 - 1999





Recensións

Problemas e solucións para a aprendizaxe da lingua xurídica en traducción (Reflexións en torno ó libro *Introduction à la langue juridique française* de Christine Schmidt).

J. Yuste Frías

***Memes of Translation. The Spread of Ideas in Translation Theory* de Andrew Chesterman.**

A. Álvarez Lugo

***Crónica de nosotros* de X. L. Méndez Ferrín.**

A. Luna Alonso

***Traducción y cultura. De la ideología al texto* de O. Carbonell i Cortés.**

S. Cruces Colado

As palabras de Sartre.

A. Luna Alonso

Poetas galegos en lingua rusa.

A. Koss

PROBLEMAS E SOLUCIÓNS PARA A APRENDIZAXE DA LINGUA XURÍDICA EN TRADUCCIÓN¹

(Reflexións en torno ó libro *Introduction à la langue juridique française* de Christine Schmidt)

Christine Schmidt (1997), *Introduction à la langue juridique française*, Baden-Baden, Nomos Verlagsgesellschaft, (Lingua Juris; Bd. 1). ISBN 3-7890-4998-0.

En cada país a «linguaxe xurídica» é un uso particular e especializado da lingua nacional, cando se trata dunha comunidade lingüística unilingüe. A *langue juridique française* non é máis ca un uso especializado da lingua francesa. Auténtica verdade de pé de banco que non podemos deixar de proclamar desde un principio: os xuristas franceses sempre falaron francés. En Francia a «lingua xurídica» é a lingua francesa como en España o é a lingua española, en zonas unilingües, ou o galego, catalán e éuscaro, segundo as zonas bilingües. O que en primeira instancia cabe apuntar é que se trata dun uso especializado da lingua... ó servizo do dereito; un uso da lingua que se define como xurídico pola súa propia finalidade: todo discurso xurídico está pensado para a creación e a realización do dereito. A especificidade deste tipo de «lingua especializada» radica no emprego dun vocabulario e dun discurso xurídicos propios: en cada un dos seus actos de fala o dereito imprégnao todo, a acción do dereito na linguaxe é tan importante que crea unha «lingua de especialidade» específica en cada comunidade lingüística. O dereito nomea e describe dunha moi determinada maneira as realidades naturais e sociais que aprehende, para convertelas en «actos xurídicos» determinados con determinados efectos de dereito. A complexidade do dereito e a grande amplitude da lexislación e das normas xurídicas chegaron a ser, hoxe en día, tales que se, coma sempre, todo neófito adoita dar de fociños coa barreira técnica do dereito, o propio xurista parece encontrar, cada vez máis, grandes dificultades ante o grande volume e a ampla extensión do dereito.

Dada a «complexidade técnica» do vocabulario xurídico, a precisión resulta ser algo esencial: cada termo agocha unha significación particular que

1. Esta recensión ía ser publicada no núm. 4 (1998) pero, por diversas circunstancias, isto foi imposible. Debido o seu interese aparece no núm. 5. (Nota do Consello de redacción).

todo usuario especializado nun contexto xurídico debe coñecer. En virtude desta precisión, o xurista, e por extensión o seu traductor, non pode empregar unha palabra por outra, porque sería un erro que podería ser catastrófico para ámbolos dous. A diferenza de calquera outro discurso especializado, detrás de cada palabra empregada por un usuario en contexto xurídico, agóchase non só unha significación senón tamén un ou varios textos e toda unha xurisprudencia. En todo proceso de tradución xurídica, o traductor, como todo bo usuario do discurso xurídico, debe saber que o uso dunha palabra ou outra posúe unhas consecuencias moi primordiais: o traductor xurídico debe elixir sempre o termo xurídico da lingua xurídica de chegada máis exacto, aquel, e só aquel, que corresponda perfectamente ó sentido xurídico orixinal empregado, no seu momento, polo xurista na lingua xurídica de partida. A traductora xurídica do Centro Europeo de Lingua Xurídica da Universidade de Trier, Christine Schmidt, subliña este feito primordial –referíndose só á figura do xurista– desde as dúas primeiras liñas do prólogo da súa *Introduction à la langue juridique française*:

Parce qu'un juriste doit savoir jouer avec les mots afin de pouvoir jouer avec les lois, il doit avant tout lui même **savoir utiliser le bon terme au bon moment.** [p.7]

En efecto, a redacción dos contratos, por exemplo, resulta ser un exercicio minucioso que esixe unha continua reflexión para cada termo empregado, xa que todo uso erróneo pode entrañar unha interpretación diferente para o «adversario» e chegar, en caso de conflito, a consecuencias desastrosas –sobre todo financeiras– para a parte concernida. Consecuencias das que o traductor chegaría a ser directo responsable se usase erroneamente un termo na súa tradución. E é que algúns termos xurídicos posúen en dereito unha significación totalmente diferente da que teñen no uso cotián. O exemplo clásico deste tipo de dificultades, dentro da “lingua xurídica francesa”, segue sendo o termo *meuble* que no vocabulario corrente corresponde ás «cadeiras», «mesas», «armarios», etc... pero que no vocabulario xurídico implica un conxunto de significacións moito máis amplo: para o usuario especializado en contexto xurídico francófono, un *meuble* pode ser non só unha cadeira (é dicir un *meuble meublant*) senón tamén un animal (posto que se trata dun *meuble par nature pouvant se déplaçer*) ou os materiais provenientes da destrución dun edificio (é dicir un *meuble par anticipation*), etc. A meirante parte das veces, a precisión dos termos xurídicos permite tanto a xuristas como a tradutores ou simples comunicadores especializados no discurso xurídico, empregar un termo sen necesidade de explicita-la súa envergadura, nin a súa significación nin ás veces o seu contexto. Por exemplo, cando durante tódolos días de verán do pasado Tour 98 se falaba en Francia dun ciclista ou dun médico *mis en examen*, a cualificación indicaba que se trataba dunha persoa sospeitosa dunha infracción de dereito penal, que se incoara unha acción

pública en contra dela que conducira a unha instrucción (a infracción, polo tanto, non podía ser máis ca un delito ou un crime). Exemplos coma este son moi numerosos e reforzan a idea de que a «lingua xurídica» é sempre demasiado técnica posto que todo neófito desprovisto do contexto, de toda explicación dos termos empregados no mesmo, non chegaría nunca a entendela. Máxime cando tal vocabulario xurídico, técnico e preciso, está en permanente evolución. As evolucións do vocabulario xurídico traducen as evolucións lexislativas que provocan, a miúdo, modificacións da paisaxe xurídica: problemas de competencia, intervención de novas institucións (sobre todo no eido da Unión Europea). Pero tamén poden traducir unha nova doutrina, uns novos hábitos, unha nova percepción do problema: na lingua xurídica francesa, por exemplo, o termo *personne mise en examen* utilízase hoxe en día no lugar de *inculpé*; todo un matiz de vocabulario que quere expresar un maior respecto cara ós dereitos da defensa.

Está claro pois, que o vocabulario técnico supón unha forte barreira para todo aquel que non coñece a significación exacta e precisa do termo en cuestión. Este obstáculo debe ser franqueado diariamente polo traductor xurídico, o cal sempre necesita dominar perfectamente a «lingua xurídica» da que traduce e á que traduce. Christine Schmidt ofrece no seu libro solucións básicas, concretas e prácticas para os posibles problemas terminolóxicos que ocasiona a aprendizaxe da lingua xurídica francesa e que tan só mencionamos aquí. Para isto suxire, desde a primeira páxina, que todo intento de achegamento á lingua xurídica debe pasar automaticamente polo coñecemento e a comprensión do contexto xurídico. Esta imperiosa necesidade de comprenderlo contexto é aínda máis importante, se cabe, para o traductor xurídico enfrontado á elección dun termo ante un conxunto de posibilidades traducitivas e unha única posible traducción perfecta e adecuadamente adaptada ó contexto xurídico en cuestión. Polo tanto, e dado que o vocabulario xurídico é unha materia en evolución permanente, a necesidade de coñecemento e comprensión do contexto xurídico implica, por parte do traductor xurídico, unha formación e unha posta ó día tan constantes que poidan chegar a satisfacer a necesidade da que fala a profesora Schmidt no prólogo do seu libro: *savoir utiliser le bon terme au bon moment*.

Cet ouvrage cherche à répondre à ce besoin, sans avoir la prétention de répondre à toutes les questions tant elles sont nombreuses et resteront toujours nombreuses. Il tente ainsi d'aider le lecteur à se familiariser avec un vocabulaire souvent complexe puisque technique et précis. Il s'adresse tout aussi bien aux personnes étrangères découvrant le système français, qu'aux jeunes juristes français ou à tout personne confrontée à la langue juridique française. [p.7]

Aínda que para aprehende-la lingua xurídica francesa non se necesite toda unha completa formación universitaria sobre o dereito francés (un tra-

ductor xurídico non é nunca un avogado), si convén coñecer, o suficiente, os diferentes aspectos das materias xurídicas francesas se se quere comprenderlo contexto no que evolucionan os termos xurídicos francófonos. A obra de Christine Schmidt guía, de forma clara e concisa, a calquera lector que queira iniciarse nos principais coñecementos xurídicos absolutamente necesarios para realizar unha excelente *Introduction à la langue juridique française*.

As duascenas vintedúas páxinas da obra toman o vocabulario xurídico desde un punto de vista eminentemente práctico. Redactado de maneira pedagóxica, este primeiro volume da colección *Lingua Juris* da compañía editorial alemá Nomos está dividido en cinco grandes apartados: despois de dedicar-los dous capítulos do primeiro apartado ó «sistema xudicial francés», os catro apartados seguintes tratan diferentes temas do dereito privado: dous capítulos de «nocións de dereito penal»; cinco capítulos de «nocións de dereito civil»; dous capítulos de «nocións de dereito comercial» e dous capítulos de «nocións de dereito laboral». Cada un dos trece capítulos está construído co mesmo esquema que retoma, nun primeiro tempo, os coñecementos imprescindibles da materia xurídica en cuestión e sitúa sintética (punto A: *Leçon*) e máis detalladamente (punto B: *Pour aller plus loin*) o contexto xurídico no que vive e é utilizada a lingua xurídica francesa; a continuación os aspectos lingüísticos son considerados con detalladas observacións sobre o vocabulario, os termos que deben empregarse ou non nun contexto xurídico dado, así como as expresións correspondentes (punto C: *Vocabulaire / Expressions*). Cada tema conta cunha parte práctica composta por uns cantos exercicios (punto D: *Exercices*), coas súas correspondentes correccións (punto E: *Corrigé*), baseados en textos xurídicos que permiten, así, ó lector poñer en práctica os coñecementos adquiridos en cada capítulo. E, finalmente, cada capítulo atopa sempre a súa pedra angular final nun resumo do vocabulario aprendido (punto F: *Récapitulatif*). Mención especial merece o breve –seis páxinas tan só– Índice Alfabético final, que remite cada vez non ás páxinas senón ós parágrafos nos que o termo en cuestión foi analizado; todo isto con vistas a unha mellor orientación espacio-contextual do vocabulario xurídico, tratado sempre en situación desde a primeira liña do libro ata a última. Os corenta e dous sinxelos, claros e completos esquemas do libro dan fe do prurito pedagóxico da docente Christine Schmidt. Malia o aparente enfoque exclusiva e excesivamente terminolóxico da “xurilingüística” colección *Lingua Juris* (: *Kompendien Zu Recht und Terminologie*) este primeiro tomo publicado pola tradutora xurídica Schmidt sen redacción bibliográfica ningunha, converteuse, tanto polo seu pouco volume como pola súa doada consulta, nun sinxelo *vademecum* para todo neófito na tradución xurídica desde o francés e cara ó francés.

José Yuste Frías
Universidade de Vigo